

Inauguración da escultura + bocetos de  
**“ENCAIXA VOANDEIRA M1”**

+ pase da curtametraxe  
**“O COMBATE FÉRTIL”**  
obras de Pepe Galán

**Data de Inauguración: 20 de setembro, ás 20,00 h.**  
**Lugar: Amigos dos Museos de Galicia, Portas Ártabras.**  
**Inaugura: Felipe Senén**, director do Centro.  
**Presenta: Daniel López Abel**, historiador e investigador.  
**Interpretación musical: Xocas Meijide**, clarinetista.  
**Acompañados por Pepe Galán.**  
**Datas Exposición: do 20 de setembro ao 31 de outubro de 2019.**  
**Horario: Luns a venres de 19:00 a 21:00h. Sábado, 12:00 a 14:00h.**  
**Organiza: Portas Ártabras.**

### NOTA DE PRENSA

O escultor Pepe Galán (A Coruña 1955) presenta unha obra realizada especificamente para Portas Ártabras xunto a unha exhibición de **bocetos** elaborados para dita escultura. Ademais ollaremos a curtametraxe “o combate fértil”. Remata o acto o clarinetista Xocas Meijide, interpretando a banda sonora da curta.

A peza escultórica **“Encaixa voandeira”** (2019), mostra o proceso da evolución experimental da serie “ENCAIXA”, onde o metal comparte forma co plástico reciclado. Estamos a falar dun traballo que reflicte conceptos do baleiro e do seu contrario ó cheo, constituído este como volume, en clave de espazo interior-exterior.

Unha pequena e didáctica exposición, mostra o percorrido pola xestación dunha idea plástica, de cómo esta vai medrando e transformándose até acadar a obra desexada.

Complementariamente podemos visionar a curtametraxe **“O combate fértil”** (2019), que relata a metáfora dunha ensoñación, mentres o personaxe circula como viaxeiro polos camiños de ferro, no treito A Coruña-Santiago de Compostela. O protagonista experimenta mediante imaxes e son, sensacións ou visualizacións mentais que como artista percibe no trance creativo.

No transcurso da viaxe e no primeiro túnel, maniféstase o proceso inventivo, a través dos movementos de luces e sombras acompañados de estrondosos sons metálicos e melodías minimalistas... Ao final do treito, xa pode ver o imaxinado, a representación completa dunha escultura...



**EXPOSICIÓN: “Encaixa voandeira M1” + bocetos.**  
**CURTAMETRAXE: “O combate fértil”.**  
Amigos dos Museos de Galicia, Portas Ártabras. 20 de setembro, 2019.  
Rúa Sinagoga 22. (Cidade Vella) A Coruña

**PEPE GALÁN:** Tfno. 619 01 32 00 / 981 90 40 20  
[pepegalan@pepegalan.com](mailto:pepegalan@pepegalan.com)  
[www.pepegalan.com](http://www.pepegalan.com)